

CONTRATO PROGRAMA ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN E A FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA DE MEDICINA XENÓMICA PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS DE I+D+i BIOSANITARIO

Santiago de Compostela, a 21 de xullo de 2017

REUNIDOS

Dunha parte, Don Francisco José Conde López, Conselleiro de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia e Presidente da Axencia Galega de Innovación, actuando no exercicio das competencias que ten atribuídas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, modificada polas leis 11/1988, do 20 de outubro; 7/2002, do 27 de decembro; 2/2007, do 28 de marzo e 12/2007, do 27 de xullo e polo Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, polo que se crea a Axencia Galega de Innovación e se aproban os seus estatutos, modificado polo Decreto 15/2014, do 6 de febreiro.

E doutra, D. Ángel Carracedo Álvarez, con DNI 33.223.018-R en calidade de Director Executivo da Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica por delegación da súa Presidenta en virtude do acordo adoptado na xuntanza do Padroado da Fundación, e de conformidade ás facultades atribuídas polo artigo 16 dos seus estatutos.

Interveñen, en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas e,

EXPOÑEN

PRIMEIRO

Que a Axencia Galega de Innovación é unha axencia pública autonómica encadrada nas entidades instrumentais do sector público autonómico reguladas no título III da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico, tal e como se recolle no Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, polo que se crea a Axencia Galega de Innovación e se aproban os seus estatutos (modificado polo Decreto 15/2014, de 6 de febreiro).

A Axencia Galega de Innovación está adscrita á Consellería de Economía, Emprego e Industria e conta con personalidade xurídica propia diferenciada respecto da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, patrimonio e tesourería propios e autonomía de xestión nos termos que precisen as leis.

Que os estatutos da Axencia Galega de Innovación atribúen á mesma, entre outras funcións: a ordenación, planificación, coordinación, execución e seguimento das competencias en materia de fomento da investigación que ten atribuídas a Comunidade Autónoma de Galicia en virtude do establecido no artigo 27.19º do Estatuto de autonomía de Galicia.

SEGUNDO

Que a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de Saúde de Galicia, establece no artigo 32 que un dos principios reitores do Sistema Público de Saúde de Galicia é a promoción da investigación básica e clínica no eido das ciencias da saúde, cun carácter traslacional á práctica clínica; e no artigo 94 f) establece como unha das funcións do Servizo Galego de Saúde a promoción da docencia e a investigación en ciencias da saúde no ámbito dos centros, servizos e establecementos sanitarios asistenciais.

Que o Servizo Galego de Saúde incorpora como un dos elementos fundamentais da súa actividade a investigación e a innovación biomédica. A "Estratexia Sergas 2020" recolle 20 obxectivos estratéxicos que servirán de referencia para as actuacións a seguir no Sistema Público de Saúde de Galicia neste período. Estes obxectivos encádranse en catro eixos prioritarios: a atención integral adaptada ás necesidades dos pacientes, familiares e coidadores; profesionais comprometidos e coidados pola organización; xestión eficiente para contribuír á sustentabilidade do sistema sanitario; e modernización das infraestruturas sanitarias. Para poder cumprir estes obxectivos é necesario promocionar a investigación, innovación e transferencia dos resultados xerados nos cen-

tros de investigación e innovación sanitaria co fin de potenciar un modelo de investigación orientado cara á innovación, que configure ao sector sanitario galego como referente en I+D+i e actúe como motor de crecemento económico na nosa comunidade.

TERCEIRO

Que a Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica [en adiante, Fundación] é unha fundación de interese galego en conformidade coa Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego con personalidade xurídica propia e sen ánimo de lucro, adscrita á Consellería de Sanidade, a través da Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saúde, segundo se establece no Decreto 43/2013, de 21 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, e que ten como obxectivo a realización de actividades de promoción, prestación e xestión de recursos e servizos de docencia e investigación científica nos centros sanitarios do Sistema Público de Saúde de Galicia.

CUARTO

Que a Lei 5/2013, do 30 de maio, de fomento da investigación e da innovación de Galicia, no seu artigo 1, formula como obxecto establecer o marco para o fomento da investigación e do desenvolvemento tecnolóxico, de transferencia e valorización de resultados e de innovación en Galicia en todas as súas vertentes, así como da súa xestión eficiente.

A Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia 2014-2020 (RIS3 Galicia), que foi aprobada polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 7 de novembro de 2013 establece a estratexia de innovación a seguir para acadar un crecemento intelixente, sostible e integrador concentrando dun xeito eficiente os recursos dispoñibles, e define o marco para as políticas de investigación e innovación de Galicia para o período 2014-2020.

Que a Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia 2014-2020 (RIS3 Galicia), dentro dos seus programas de actuación, prevé o programa Galicia Transfire, no que os Contratos Programa para a consolidación de centros de coñecemento é un dos seus instrumentos e está establecido como unha fórmula para canalizar o apoio financeiro en función do cumprimento de obxectivos previamente establecidos en base á valoración dun conxunto de indicadores de xestión e resultados. O programa Galicia Transfire aglutina os instrumentos dirixidos a fomentar a transfe-

cia de investigación dende os Axentes de Xeración e Difusión do Coñecemento, como principais artífices do fomento do talento nos sistemas de innovación galegos, cara ao mercado nun marco de innovación aberta.

Esta actuación está, pois, en consonancia cos retos contidos na RIS3 Galicia e tamén co esquema da Unión Europea reflectido no programa marco de investigación, desenvolvemento e innovación «Horizonte 2020» co fin de procurar, a medio e longo prazo, a obtención de retornos sociais.

O obxectivo destes contratos é o de configurar un sistema competitivo de axentes de I+D+i en Galicia, premiar o esforzo realizado na xestión dos centros e optimizar o destino de recursos públicos en base a criterios obxectivos de excelencia.

QUINTO

Que a Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través da Axencia Galega de Innovación, e a Fundación consideran que os contratos programa para o desenvolvemento de programas de I+D+i son un instrumento eficaz de financiamento para a promoción da I+D+i de excelencia nas institucións sanitarias de Galicia. O contrato programa promove e incentiva o esforzo na obtención de resultados de calidade e facilita a estabilidade de persoal investigador, tendo prioridade aqueles investigadores que foran beneficiarios dalgunha das liñas de axudas para a formación de persoal investigador da GAIN (anteriormente Dirección Xeral de I+D+i). Se establece sobre a base dos resultados contrastables da actividade investigadora e innovadora e co compromiso de desenvolver un programa por obxectivos individualizado no que se plasmen os fitos que se agardan obter, necesariamente ligados a unha mellora obxectiva nos resultados da actividade investigadora e innovadora.

Dada a especificidade do obxecto do contrato programa, non procede a realización dunha convocatoria pública para o desenvolvemento das actuacións do mesmo, debido as especiais características e singularidade da Fundación Galega de Medicina Xenómica como centro de referencia no campo da medicina molecular na Comunidade Autónoma e estar prestando os seus servizos a toda a comunidade científica de Galicia. Así mesmo, contratos programa similares serán asinados co resto das fundacións sanitarias integrantes do sistema rexional de I+D+i biosanitario e dependentes do Servizo Galego de Saúde.

SEXTO

Que con data 27 de decembro de 2012 a Xunta de Galicia e o Ministerio de Economía e Competitividad (MINECO) asinaron un convenio de colaboración para o desenvolvemento en Galicia da *Estratexia Española de Innovación* (DOG nº 26, do 6 de febreiro de 2013). Entre as actuacións susceptibles de desenvolverse con cargo ao convenio, figura o establecemento de contratos programa con organismos públicos de investigación recoñecidos no Sistema Rexional de I+D+i, a través da sinatura de convenios bilaterais de cooperación vinculados ao cumprimento dun conxunto de compromisos e indicadores considerados de carácter estratéxico para o desenvolvemento do Sistema Galego de I+D+i.

SÉTIMO

Por todo o anterior, a efectos do establecido nos artigos 19 e 26 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da citada Lei e no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as partes asinantes **ACORDAN** subscribir o seguinte contrato programa para o desenvolvemento de Programas de I+D+i na Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica, ente xestor da investigación do Sistema Público de Saúde de Galicia, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.-OBXECTO

O obxecto do contrato programa será a realización dun conxunto de accións recompiladas nun Programa de I+D+i biosanitaria na Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica (anexo II). A proposta terá como obxectivo acadar unha investigación de excelencia e a consolidación dos centros de coñecemento, dentro do eixe de actuación, definido no anexo I:

- Potenciación de liñas estratéxicas de investigación para promover a excelencia científico técnica.

SEGUNDA.-CONDICIÓNS ECONÓMICAS

1. A Axencia Galega de Innovación financiará as actuacións con cargo á aplicación orzamentaria que se indica no cadro seguinte, na cal existe crédito adecuado e suficiente:

Aplicación orzamentaria	2017
09.A3.561A.743.14	25.000 €
TOTAL	25.000 €

2. A subvención da Axencia Galega de Innovación deberá adicarse ao desenvolvemento das actuacións recollidas no anexo II.
3. Esta axuda financíase con cargo ao préstamo concedido polo MINECO para o desenvolvemento da *Estratexia Española de Innovación* na Comunidade Autónoma de Galicia.
4. A axuda concedida será compatible con calquera outra destinada ao mesmo fin, calquera que sexa a súa natureza e a entidade que a conceda, sempre que, conxuntamente, non superen o custo da actividade subvencionada
5. A subcontratación das actividades subvencionadas regularase polo disposto nos artigos 27 da Lei 9/2007 e 43 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento do citado texto legal, respectando ao efecto o establecido no artigo 27.3 da Lei 9/2007, que establece que cando a actividade concertada con terceiros exceda do 20% do importe da subvención e o dito importe sexa superior a 60.000 €, a subcontratación estará sometida ao cumprimento dos seguintes requisitos:
 - Que o contrato se subscriba por escrito.
 - Que a súa subscrición a autorice previamente a entidade concedente da subvención por escrito
6. Na xestión da contratación, a Fundación ten a condición de poder adxudicador por cumprir os requisitos previstos no artigo 3.3 b) do Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, polo que deberá respectar as prescricións de dita lei, nos termos indicados nela, para os procedementos de contratación que se realicen na execución deste contrato programa.
7. A estas axudas non lles resulta de aplicación o Marco comunitario sobre axudas estatais de investigación e desenvolvemento e innovación (2014/C 198/01) por tratarse de

axudas dirixidas á realización de actividades de I+D+i de carácter non económico, por parte de organismos de investigación sen ánimo de lucro, e darse difusión dos resultados da actividade dos organismos de investigación subvencionados e a disposición de todos dun xeito indiscriminado, de modo que non se produce vantaxe económica para as entidades subvencionadas.

TERCEIRA.-COMPROMISOS, PUBLICIDADE E AUTORIZACIÓNS

1. A entidade beneficiaria comprométese a:

- a) Presentar previamente á sinatura do contrato programa:
 - 1) Certificación que acredite que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, en cumprimento do artigo 31.7 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.
 - 2) Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións contempladas no artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- b) Desenvolver as actividades seguindo o eixe de actuación definido no anexo I. As actividades concretas previstas a desenvolver ao longo do ano 2017, con cargo a este programa, detállanse no anexo II. A Fundación comprométese a destinar os fondos do contrato ao cumprimento dos obxectivos establecidos. Os indicadores de actividade da anualidade 2016 así como a proposta de obxectivos a acadar no 2017 detállanse no anexo III.
- c) Proceder ao reintegro, total ou parcial, da subvención percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.
- d) Subministrar toda a información necesaria para que GAIN poida dar cumprimento ás obrigas recollidas na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. No caso de que o beneficiario non atenda ao requirimento de información en prazo, procederase conforme ao establecido no artigo 4.4 do citado texto legal.
- e) Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas respectivas funcións de fiscalización e control de destino das axudas concedidas e posibilitar a ins-

pección e control dos órganos da Axencia Galega de Innovación co gallo de supervisar o cumprimento das actividades do contrato programa.

- f) Comunicar á Axencia Galega de Innovación a concesión de calquera outra subvención concedida para o mesmo fin tan pronto se teña coñecemento da mesma.
- g) No caso de cesión de datos, cumprir as esixencias do artigo 12 da Lei 15/1999 de Protección de Datos, adoptándose tanto as medidas de seguridade técnicas como organizativas.
- h) Cumprimento do disposto no artigo 11 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.
- i) Facer constar expresamente a colaboración prestada pola Axencia Galega de Innovación e o Ministerio de Economía y Competitividad no marco do convenio da *Estratexia Española de Innovación*, en todo o material de execución, información e publicidade das actividades do contrato programa.

2. A fundación dará consentimento expreso á Axencia Galega de Innovación para:

- a) O tratamento necesario dos datos relevantes deste contrato programa e a súa publicación na páxina web da Axencia Galega de Innovación e no Diario Oficial de Galicia, coas excepcións previstas no artigo 15.2º d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- b) Incluír e facer público, a través do Portal de Transparencia e Goberno aberto e nos rexistros regulados polo Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos de axudas, subvencións e convenios e sancións, os datos referidos ás axudas e subvencións recibidas ao abeiro do presente contrato programa.
- c) O cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, polo que a información relativa ao contrato programa requirida no ordinal oitavo do devandito artigo será comunicada á Base de datos nacional de subvencións (BDNS).

- 3. Os asinantes do contrato programa manifestan o seu consentimento para que o seus datos persoais que consten no contrato programa, e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.
- 4. A sinatura do contrato programa comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de economía e facenda da

Xunta de Galicia segundo o establecido no artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. Non obstante, a entidade beneficiaria poderá denegar expresamente o consentimento, e nese caso deberá presentar as certificacións nos termos previstos reglamentariamente.

CUARTA.-GASTOS SUBVENCIONABLES

1. De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada de acordo co recollido no anexo II e que se realicen no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2017 e a data límite de xustificación da axuda establecida no contrato programa. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.
2. En ningún caso se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda. O imposto sobre o valor engadido (IVE) poderase considerar gasto subvencionable cando a Fundación acredite mediante a correspondente certificación que se encontra acollida ao réxime de exención do IVE.

QUINTA.-XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

1. Para ter dereito ao pagamento da axuda, a entidade beneficiaria deberá entregar a seguinte documentación, axustada aos modelos que figuran na páxina da Axencia Galega de Innovación (<http://gain.xunta.gal>):

- a) Memoria final explicativa das actividades desenvolvidas e dos obxectivos acadados segundo o recollido no programa de I+D+i biosanitario do anexo II. Neste documento deberá incluírse os resultados dos indicadores de seguimento definidos no anexo III.
- b) Un resumo da execución da subvención (modelo 1) asinado polo xerente ou director da Fundación, no que conste o concepto subvencionable, o proveedor, o importe (co IVE detallado) e a data de cada un dos xustificantes, agrupados por conceptos de gastos.

- c) Certificación dos custos de persoal (modelo 2) imputados ao programa emitida polo responsable de recursos humanos co visto e prace do Director da Fundación, consistente nunha relación detallada por meses do persoal dedicado á execución do plan de actuación proposto, que deberá incluír os seguintes datos: mes que se xustifica, apelidos, nome, NIF, posto de traballo, base do IRPF, retribución líquida mensual, data de pagamento das retribucións, importe da Seguridade Social con cargo á Fundación, data de pagamento da Seguridade Social, porcentaxe de imputación e importe mensual total imputado.
- d) Documentos que acrediten os custos de persoal (copia das nóminas e TC2) e o seu pagamento (xustificantes bancarios ou TC1 selados polo banco). Nos xustificantes de pagamento das nóminas deberán detallarse os seus receptores, así como as cantidades percibidas por cada un deles.
- e) Documentación acreditativa de realización dos restantes gastos, que consistirá en orixinais ou copias compulsadas da documentación acreditativa dos investimentos ou actuacións consistentes en facturas dos provedores ou documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou eficacia administrativa, segundo o establecido no artigo 28.3 da Lei 9/2007 e no artigo 48 do Decreto 11/2009. As facturas deberán conter suficiente información de detalle que permita relacionala co gasto xustificado. En aqueles casos nos que a devandita información non sexa suficiente, haberá de aclarar o gasto realizado por outros medios.
- f) Documentación acreditativa de realización dos pagamentos, que consistirá en orixinal ou copia compulsada da documentación bancaria dos pagamentos. Presentarase xunto a cada documento de gasto o seu correspondente documento de pagamento ou o extracto bancario onde figure o cargo correspondente. Non se admitirán os pagamentos en efectivo. Os xustificantes bancarios de pagamento deben coincidir exactamente co importe da factura, IVE incluído. No caso de que o importe reflectido no documento bancario non coincida co importe do documento de gasto (pagamento agrupado), deberase remitir o detalle dos pagamen-

tos efectuados xunto cos documentos de gasto, onde se poida identificar o gasto en cuestión.

- g) No caso de imputación de gastos correntes xustificaranse cunha memoria detallada das imputacións do mesmo ás actividades do contrato programa. A memoria irá acompañada dunha certificación asinada polo director da entidade e das correspondentes facturas ou documentos de valor probatorio equivalente.
- h) No suposto de que o importe do IVE supoña un custo real soportado polo beneficiario poderá ser considerado un gasto subvencionable. Neste caso deberase presentar un certificado relativo á situación do beneficiario con respecto ao IVE. No caso de que o réxime do IVE sexa a pro rata, o gasto subvencionable calcularase en base a pro rata definitiva do último exercicio pechado antes da concesión da axuda, sendo responsabilidade do beneficiario realizar os axustes correspondentes na liquidación das obrigas fiscais.
- i) De acordo co establecido no artigo 29.3 da citada Lei 9/2007 (modificado pola Lei 12/2011, de 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas), cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas no texto refundido da Lei de contratos do sector público aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que por as súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren ou salvo que o gasto fose realizado con anterioridade á solicitude da subvención.
- j) Declaración responsable do solicitante de todas as solicitudes efectuadas e concedidas para o mesmo fin por outras administracións ou entes públicos ou privados (modelo 3).
- k) Carta de pagamento de reintegro no suposto de remanentes non aplicados, así como os xuros derivados destes, conforme ao establecido no artigo 48.2.g) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

2. Nos documentos correspondentes a cotas de seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación, o importe considerase xustificado coa presentación do documento de gasto en que se reflicta o importe da cotización devengada, quedando as entidades obrigadas a presentar os documentos acreditativos da súa liquidación nos prazos de xustificación establecidos no artigo seguinte.
3. Os beneficiarios deberán presentar a documentación en soporte papel en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Así mesmo, os documentos de resumo da execución da subvención (Modelo 1), de certificación dos custos de persoal (Modelo 2), de declaración responsable de outras axudas (Modelo 3) deberán enviarse en formato electrónico (.xls, .xlsx, .org, .calc ou similar) ao enderezo electrónico xestion.gain@xunta.gal.
4. Se a entidade beneficiaria non xustifica o importe total das actuacións desenvolvidas e/ou non acada os obxectivos recollidos no programa de I+D+i biosanitaria, a Axencia Galega de Innovación minorará a súa achega proporcionalmente, sempre e cando se acadara o obxecto do presente contrato programa. Así mesmo, si a entidade beneficiaria presenta unha xustificación de gastos inferior ao anticipo percibido deberán acompañar á documentación presentada o xustificante de ingreso na conta da Comunidade Autónoma do importe percibido e non xustificado, sen prexuízo de que se lles poida ser esixida a devolución doutras contías anticipadas unha vez aprobada a xustificación polo órgano competente.

SEXTA.-PERIODO DE REALIZACIÓN DOS GASTOS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN DA AXUDA

1. Admitiranse os custos realizados e efectivamente pagados dende o 1 de xaneiro de 2017 ata a data límite de xustificación.
2. Prazo de xustificación da axuda:
 - a) A xustificación do anticipo do 50% é necesaria para proceder a outros pagamentos a conta.
 - b) A xustificación do importe total ou restante da subvención concedida terá como data límite de presentación o 31 de outubro de 2017. Non obstante, si existen cotas de segu-

ros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación (cotas do mes de outubro) estas terán como data límite o 15 de decembro de 2017.

- c) Transcorridos os prazos indicados sen que o beneficiario presentase a documentación solicitada, requirirase para que a presente no prazo improrrogable de dez días. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido comportará a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención, a esixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste parágrafo non eximirá o beneficiario das sancións que, conforme a lei, correspondan.
- d) Recibida a documentación xustificativa da subvención, a Axencia Galega de Innovación, antes de proceder ao seu pagamento, poderá solicitar as aclaracións ou informes que considere oportunos a través do enderezo electrónico xestion.gain@xunta.gal, ao cal deberán dirixirse as respostas no prazo de dez días hábiles. No caso contrario solicitarase a documentación necesaria de acordo co establecido no paragrafo anterior.

SÉTIMA.-CONDICIÓNS DE PAGAMENTO

Conforme ao estipulado no artigo 63 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Axencia Galega de Innovación, poderá realizar pagamentos anticipados, de acordo coa seguinte distribución:

1. Efectuarase un anticipo do 50% da subvención concedida. A concesión dos anticipos quedará condicionada ao cumprimento, por parte dos beneficiarios, dos requisitos establecidos no artigo 31 da Lei 9/2007 e realizarase mediante resolución motivada previa solicitude debidamente xustificada pola Fundación.
2. A realización dos citados pagamentos anticipados e á conta está exenta da constitución de garantías polo Consello da Xunta de Galicia conforme ao disposto no artigo 65.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
3. Tras a xustificación do anticipo, a Fundación poderá presentar xustificacións en función do ritmo de execución da acción subvencionada que darán lugar a pagamentos á conta que, sumados ao importe anticipado, non poderán superar o 80% da subvención. O 20%

restante aboarase no momento da completa xustificación por parte do beneficiario e logo da comprobación do cumprimento das condicións establecidas nas cláusulas do contrato.

OITAVA.-COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

1. Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente contrato créase unha comisión de seguimento composta por dous representantes da Axencia Galega de Innovación e dous da Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica.
2. Son funcións desta comisión de seguimento:
 - Velar polo cumprimento das accións do programa de I+D+i (anexo I).
 - Propoñer as medidas necesarias para garantir o cumprimento do programa.
 - Propoñer á Axencia Galega de Innovación variacións entre os diferentes conceptos de gasto recollidos no anexo II para adecualos á execución das actuacións previstas, sempre e cando non supoñan un incremento do importe total do contrato programa.
 - Propoñer as solucións das posibles controversias que puideran xurdir en relación co contrato programa.
 - Avaliar o programa de I+D+i desenvolvido pola Fundación (anexo III).
3. A comisión reunirse:
 - a. Ao final do período de vixencia do contrato para avaliar os resultados do mesmo conforme os indicadores no anexo III.
 - b. Sempre que o solicite algún dos seus membros.

NOVENA.- ALTERACIÓN DAS ACTUACIÓNS

1. Toda alteración nas accións a realizar deberán ser obxecto de autorización pola Axencia Galega de Innovación e formalizárase mediante a correspondente addenda ao presente contrato programa.

As modificacións terán por obxecto a redución do volume das actuacións a desenvolver pola Fundación ou a ampliación do prazo de execución.
2. De acordo co establecido no artigo 31.4 da lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, o contrato programa poderá ser modificado

coa finalidade de lograr os obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira da Comunidade Autónoma de Galicia.

DÉCIMA.-INEXISTENCIA DE RELACIÓN LABORAL.

A subscrición do presente contrato programa, non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian a desenvolver as actuacións obxecto deste contrato coa Axencia Galega de Innovación, de tal xeito que non se lle poderá esixir a esta Axencia responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiariamente, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

UNDÉCIMA.-INTERPRETACIÓN

1. O presente contrato programa asínase ao abeiro dos artigos 19.4 e 26 da Lei de subvencións de Galicia, rexéndose os seus efectos polo establecido nas súas cláusulas e polas previsións da Lei 9/2007 e do Decreto 11/2009.
2. A Axencia Galega de Innovación ostentará as prerrogativas de interpretación, modificación, resolución e nulidade, propias dos negocios xurídicos administrativos, ademais das potestades específicas derivadas da relación xurídica subvencionadora. Os actos ditados en exercicio das devanditas potestades serán de coñecemento e competencia da Orde Xurisdiccional do Contencioso-Administrativo.

DUODÉCIMA.-VIXENCIA

O presente contrato programa estará vixente desde a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2017, sen prexuízo de que as actuacións obxecto do mesmo xa se iniciasen o 1 de xaneiro de 2017.

DÉCIMO TERCEIRA.-CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Poderá dar lugar á resolución do contrato:

1. A introdución de modificacións no programa de I+D+i aprobado pola comisión sen xustificación e sen previa autorización escrita da Axencia Galega de Innovación.
2. O incumprimento total ou parcial de calquera das súas cláusulas.

3. A suspensión do contrato por parte da Axencia Galega de Innovación por razóns de interese público.
4. O acordo mutuo entre as partes.
5. A denuncia de calquera das partes asinantes, sempre que o notifique ás outras partes con dous meses de antelación á data de finalización da vixencia do contrato.

En proba de conformidade asinan o presente contrato programa, en duplicado exemplar, no lugar e data anteriormente sinalados.

POLA AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN

POLA FUNDACIÓN GALEGA DE MEDICINA XENÓMICA

Francisco José Conde López

Ángel Carracedo Álvarez

ANEXO I

EIXES DE ACTUACIÓN

- Potenciación de liñas estratéxicas de investigación para promover a excelencia científico técnica.

Nun marco altamente competitivo faise imprescindible a estruturación das capacidades investigadoras en torno a grupos de investigación de referencia con capacidade de traballo coordinado en base a liñas estratéxicas converxentes, abertas e colaborativas. Estas liñas deben de posicionarse e integrarse con estruturas organizativas de ámbito superior nacional e internacional e participadas por socios privados.

Para unha correcta planificación os grupos de referencia requiren da dispoñibilidade de recursos suficientes e duradeiros baseados nun financiamento estrutural vinculado a criterios de calidade. Isto supón a adopción dun cambio de modelo de financiamento e avaliación previsto na Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia 2014-2020 (RIS3 Galicia), que facilitará a capacidade dos grupos de dispoñer de financiamento estable.

Obxectivos:

- Establecer liñas de investigación estratéxicas nas que converxan grupos de investigación multidisciplinares.
- Fortalecer e consolidar grupos de investigación de referencia con alto nivel competitivo.
- Potenciar grupos emerxentes.
- Captar fondos de investigación en convocatorias públicas ou privadas.

ANEXO II

ACCIÓNS DO PROGRAMA I+D + i BIOSANITARIA DA

FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA MEDICINA XENÓMICA

ANUALIDADE 2017

	ORZAMENTO 2017
EIXE: Potenciación de liñas estratéxicas de investigación para promover a excelencia científico técnica.	
Establecer liñas de investigación estratéxicas nas que converxan grupos de investigación multidisciplinares: Optimización dos protocolos de caracterización xenómica de células illadas co sistema DEPAarray.	25.000 €
TOTAL	25.000 €

ANEXO III

INDICADORES DE SEGUIMIENTO E PROPOSTA 2017

Indicadores de seguimento do Programa I+D+i en relación cos obxectivos de cada un dos eixes

EIXE DE ACTUACIÓN 1.- Potenciación de liñas estratéxicas de investigación para promover a excelencia científico técnica.

Indicadores:

- 1.1 Número total de publicacións indexadas (Pubmed, Embase, WOK, CSIC, psecINFO) nas que participe algún investigador da Fundación, conforme o seu factor de impacto do Journal Citation Reports (JCR):
 - Primeiro cuartil da especialidade
- 1.2 Número de proxectos de investigación captados en convocatorias competitivas (públicas o privadas) nacionais o rexionais. (Excluídos os proxectos europeos, eixe 3)
- 1.3 Captación de proxectos (€) concedidos as entidades procedentes de proxectos nacionais o rexionais de I+D+i) [euros captados]. (Excluídos os proxectos europeos, eixe 3)
- 1.4 Facturación do exercicio por vendas ou prestación de servizos relacionados coa I+D+i e outras fontes de financiamento non competitiva (contratos, convenios e doazóns), inclúense ensaios [euros facturado na anualidade].
- 1.5 Unidades mixtas publico privadas creadas. (enumerar)
- 1.6 Participación en ensaios clínicos [asinados dentro do ano].
- 1.7 Participación noutros estudos de investigación sen clasificación de ensaio [asinados dentro do ano]

EIXE DE ACTUACIÓN 2. - Formación, captación e retención de talento, situando ao investigador como eixo e principal valor das actividades de I+D+i.

Indicadores:

- 2.1 Número de persoal investigador e técnicos con contratos financiados ou cofinanciados por programas públicos de RRHH. Total/novos RRHH concedidos no

ano. [Total investigadores/persoal a cargo de programas de RRHH concedidos na anualidade].

2.2 Número de persoal total contratado pola Fundación [Total].

2.3 Número de mulleres contratadas pola Fundación.

2.4 % mulleres sobre o total do persoal contratado pola Fundación.

2.5 Número de estadias de investigadores en centros de referencia internacional (superiores a 1 mes) no ano en curso.

EIXE DE ACTUACIÓN 3. - Fomento da participación e captación de fondos dos programas europeos de I+D+i para posicionar a investigación sanitaria realizada en Galicia no espazo europeo de investigación.

Indicadores:

3.1 Número de solicitudes de proxectos europeos de I+D+i.

3.2 Número de proxectos europeos concedidos (comunicación de concesión)

3.3 Número de solicitudes ERC

3.4 Número de ERC concedidos

3.5 Captación de proxectos europeos de I+D+i no ano en curso [euros captados].

EIXE DE ACTUACIÓN 4. - Protección, valorización e transferencia dos resultados de investigación para conseguir que o sector sanitario actúe como motor de crecemento económico.

Indicadores:

4.1 Número de patentes europeas e Internacionais solicitadas

4.2 Número de patentes europeas e Internacionais concedidas

4.3 Número de patentes nacionais solicitadas

4.4 Número de patentes nacionais concedidas

4.5 Número de patentes comercializadas

4.6 Número de proteccións solicitadas (non patentes)

- 4.7 Número de proteccións concedidas (non patentes)
- 4.8 Número de proteccións comercializadas (non patentes)
- 4.9 Creación de EBTs
- 4.10 Facturación y/o retorno por actividades de transferencia

PROPOSTA FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA DE MEDICINA			
XENÓMICA		2016	Proposta 2017
EIXE DE ACTUACIÓN 1.- Potenciación de liñas estratéxicas de investigación para promover a excelencia científico técnica.	1.1 Publicacións indexadas (nº)	31	40
	Primeiro cuartil (nº)		
	1.2 Proxectos competitivos nacionais ou rexionais (nº)	5	2
	1.3 Ingresos competitivos nacionais ou rexionais de I+D+i (€)	376.852,50	125.000
	1.4 Facturación por vendas ou prestación de servizos relacionados coa I+D+i (€)	3.170.101,85	2.800.000
	1.5 Unidades mixtas Pp (nº)	0	0
	1.6 Participación ensaios (nº)	0	0
	1.7 Participación en estudos (non ensaios, nº)	2	0
EIXE DE ACTUACIÓN 2.- Formación, captación e retención de talento, situando ao investigador como eixo e principal valor das actividades de I+D+i.	2.1 Investigadores/persoal a cargo de programas públicos de RRHH (nº)	9/4	4/1
	2.2 Persoal total contratado (nº)	33	28
	2.3 Mulleres contratadas pola Fundación (nº)	30	26
	2.4 Mulleres sobre o total do persoal contratado pola Fundación (%)	91	92
	2.5 Estadías (nº)	0	1
EIXE DE ACTUACIÓN 3.- Fomento da participación e captación de fondos dos programas europeos de I+D+i para posicionar a investigación sanitaria realizada en Galicia no espazo europeo de investigación.	3.1 Proxectos competitivos europeos de I+D+i solicitados (nº)	4	2
	3.2 Proxectos competitivos europeos concedidos (nº)	0	1
	3.3 Número de solicitudes ERC	0	0
	3.4 Número de ERC concedidos	0	0
	3.5 Ingresos de proxectos competitivos europeos de I+D+i (€)	0	70.000
	4.1 Patentes solicitadas europeas e internacionais (nº)	0	0

EIXE DE ACTUACIÓN 4.- Protección, valorización e transferencia dos resultados de investigación para conseguir que o sector sanitario actúe como motor de crecemento económico.	4.2 Patentes concedidas europeas e internacionais (nº)	0	0
	4.3 Patentes nacionais solicitadas totais (nº)	0	0
	4.4 Patentes nacionais concedidas totais (nº)	0	0
	4.5 Patentes comercializadas (nº)	0	0
	4.6 Protección solicitadas (non patentes, nº)	0	0
	4.7 Protección concedidas (non patentes, nº)	0	0
	4.8 Protección comercializadas (non patentes, nº)	0	0
	4.9 Creación EBTs (nº)	0	0
INGRESOS PROXECTOS	4.10 Facturación e/ou retorno por actividades de transferencia (€)	0	0
	Ingresos competitivos nacionais e internacionais (1.3+3.5) (€)	376.852,50	195.000
	Ingresos totais (1.3+1.4+3.5) (€)	3.546.954,35	2.995.000